

GONZÁLEZ R. ARNÁIZ, Graciano: *Bioética: un nuevo paradigma. De ética aplicada a ética de la vida digna*, Tecnos, Madrid, 2016, 244p.

O profesor Graciano González R. Arnáiz, catedrático de Ética da Facultade de Filosofía da Universidade Complutense de Madrid, presenta un ensaio filosófico de fonda densidade conceptual no que expón, con destreza epistemolóxica e respecto ás tradicións ético-políticas, os alicerces da reconstrución, dialogada e ponderada, dunha Ética Xeral que, na actualidade, é Ética da vida, isto é, Bio-Ética, para unha sociedade na que o pluralismo moral traça o cadro da deliberación moral e interpretación ética. A proposta atende ao contexto actual (pegada das novas tecnoloxías), valora as éticas aplicadas (nomeadamente a bioética), traslada un compromiso (co humanismo ético e dignidade da persoa), defende o núcleo filosófico da Ética.

A primeira parte “Marco sociocultural: la bioética como respuesta institucional” (pp. 25-60), capítulos 1 e 2, aborda o nacemento da bioética norteamericana, a súa deriva profesional e as súas eivas.

O capítulo 1 “Historia del nacimiento de la ética aplicada” (pp. 29-41) dá comezo coa tese de que a historia da bioética marca o inicio das distintas versións das éticas aplicadas, ou da ética aplicada sen máis. A bioética é un saber que pensa unidas as categorías de “vida” e “saúde”. A importancia da bioética ven determinada por dous acontecementos: a revolución biolóxica e a revolución terapéutica subseguinte. Na actualidade a bioética é un lugar privilexiado no que formular os problemas éticos e “poñer a traballar” conceptos, argumentos e sistemas éticos. A dimensión moral da aplicación, isto é, a relevancia ética das actividades conectadas co mundo económico, biomédico, neurolóxico, informático, político, entre outros, produce un duplo efecto. Primeiro: as anteditas ciencias (saberes aplicados *per se*) tratan

---

Recibido: 12/10/2020. Aceptado: 15/10/2020.

de reivindicarse como lugar exclusivo para hacer discurso moral. Segundo: a Ética reclámase como referente unitario, non uniforme, dos saberes aplicados. O autor considera perentorio crear un espazo no que estudar, formular e compartir criterios que deiten luz nas diversas cuestións éticas. Propón a “transdisciplinarietàade: espazo de aplicación-investigación e disposición que posibilita a resolución de problemas coa conversa. Deixarse cuestionar desde fóra fai que o modelo da transdisciplinarietàade coordine ben co “modelo hermenéutico” (p. 40) como referente filosófico para o reencontro de interpretacións do que deben saír propostas e criterios de axuízamento das actividades humanas.

O capítulo 2 “Una definición *en dificultades*” (pp. 42-64) describe tres intentos históricos de definir a bioética. O primeiro é o contexto de aparición no que a bioética é o estudo sistemático da acción humana nas ciencias da saúde e humanas, segundo principios morais. A unión entre valores morais (estudados pola ética) e feitos biolóxicos (investigados pola bioloxía) fica establecido. O segundo intento é a consolidación, desenvolvemento e articulación da bioética como estudo sistemático da conduta ou da acción humana en relación coa bioloxía e saúde, seguindo valores ou principios morais. No tronco da bioética agroman cinco pólas: ética biomédica; xen-ética; ética dos animais; ética do medio ambiente; neuroética. O terceiro intento é o dos principios que deben rexer a investigación con seres humanos nas ciencias do comportamento e biomedicina. Beauchamp e Childress materialízanos en catro: respecto á autonomía, non-maleficencia, beneficencia, xustiza. Despois dunha análise crítica, o autor achega a conclusión de que vertebrar a bioética arredor dunha ética de principios non resolve *toda* a problemática moral que nela se formula. Dá tres razóns: a visión bioética clínico-asistencial non é toda a bioética porque forma parte dun discurso ético de rango universal, non particular; a bioética é máis que interdisciplinarietàade porque contén unha formalidade que precisa ser desenvolvida desde o punto de vista teórico e práctico; a bioética non é tecnicismo moral, ou instrumentación/execución práctica dun discurso, porque forma parte do tronco común da Filosofía Moral baixo a denominación de Ética Aplicada. En suma, a ética de principios non é o “final” de calquera consideración moral arredor da vida. Para o autor esta cuestión debe devolvernollos á filosofía de Aristóteles: o referente da moralidade é o descubrimento do fin ao que están orientadas as accións humanas: “Cuestión esta importante, por cuanto mete a la Bioética en la conversación de los fines y en el reclamo de la atención a la dimensión teleológica, dejada de lado por la preeminencia de una visión de tipo eminentemente deontológico” (pp. 58-59). A bioética clásica intégrase nunha

bioética global, como saber da vida: é unha das pezas nas que se formula a posibilidade dunha Ética Xeral (que inclúe a Moral Institucional).

A segunda parte “Filosofía práctica y aplicación: buscando un estatuto para la aplicación” (pp. 61-103), capítulos 3 e 4, pon en claro os conceptos de aplicación, práctica, saber práctico, no contexto tecnolóxico das sociedades actuais.

O capítulo 3 “Aplicación, tecnología y saber práctico” (pp. 65-75) reconsidera o estatuto da aplicación desde dous ángulos: a tecnoloxía como novo cadro de referencia da aplicación e o saber de fins como prototipo do saber práctico e, xa que logo, aplicación no sentido moral. O autor traballa nun duplo nivel. Primeiro ten en conta tres variables: “tecnoloxía” é o novo nome da ciencia; a aplicación científica xera problemas que a rebordan e para os cales non ten solución; hai unha multiplicidade de aplicacións segundo o saber no que se insiren. A continuación, manexa tres referencias: suxeitos da aplicación (axente e paciente); obxectos de aplicación; resultados da aplicación. Da unión destes aspectos depende a virtualidade dunha integración da aplicación no que o autor denomina “saber práctico” (ámbito específico da ética). A dilucidación do estatuto da aplicación pasa pola relación entre teoría e praxe mais, sobre todo, por tres condicións (inspiradas en Aristóteles): a continxencia do mundo da experiencia (non-necesidade no reino da praxe); a especificidade do razoamento práctico (siloxismo práctico); o coñecemento do fin da acción (referente do saber práctico). Tres momentos do saber práctico que sumados á reflexión moral kantiana sobre o deber dan lugar a dous paradigmas: teleolóxico e deontolóxico.

O capítulo 4 “El contexto *práctico* de la aplicación: la ética aplicada” (pp. 76-103) avanza unha definición de ética aplicada, e especifica o seu obxecto e método. A proposta do autor é facer do saber aplicado un momento do saber práctico. Afirmar que o tránsito axeitado entre o “saber que” e o “saber como” require, primeiro, o complemento do “saber por que e para que” (saber de fins) e, segundo, o “saber de oportunidade” (*metis*) nos termos de “saber pericial”. O estatuto da aplicación deriva da relación interna entre estes catro saberes: o momento de aplicación do saber práctico acada a súa mellor configuración, e o saber práctico logra o estatuto de sabedoría práctica (entendida como posibilidade de realizar un xuízo moral *en* situación, non un xuízo moral *de* situación). A Ética Aplicada é “un modelo de saber práctico que habla de fines y de la exigencia moral de llevarles a cabo de la «mejor» manera en contextos institucionales de referencia” (pp. 79). A Ética Aplicada intégrase na Moral Institucional como un novo nivel de discurso moral que abrangue as dimensións intrasubxectiva e intersubxectiva desde

a perspectiva do institucional. O capítulo complétase con tres proposicións. Primeira: o obxecto da ética aplicada son as actividades humanas ou prácticas sociais (accións institucionais). Segunda: a ética aplicada xera un tipo de coñecemento integrado no “saber práctico” (saber prudencial). Terceira: a ética aplicada desenvolve un método propio para executar os dous momentos anteriores (método hermenéutico-deliberativo). A variable hermenéutica incorpora ao diálogo o perfil construtivo da tarefa de pensar e a virtualidade da narración para expresar o valor antropolóxico da racionalidade práctica. A calidade narrativa esixe un suxeito con capacidade para contar a súa propia historia en contextos “xustos”.

A terceira parte, capítulos 5 e 6, titúlase “Un marco moral para la ética aplicada: la dimensión de la responsabilidad” (pp. 105-146). Refai o concepto de responsabilidade como cadro que consuma o significado moral da ética aplicada.

O capítulo 5 “Cultura de la responsabilidad y aplicación” (pp. 107-125) é unha consideración da cultura da responsabilidade nos discursos morais que xorden nas prácticas institucionais (sanidade, empresa, educación, investigación, por exemplo). As novas tecnoloxías desencadean a renovación do tema da responsabilidade na ética xeral e aplicada. O autor entende que nesta situación é necesario introducir o concepto de “fin” como referente privilexiado da moral pública para incluír á cidadanía no espazo público, non só aos expertos e profesionais. Na sociedade tecnolóxica a responsabilidade como *valor* trastorna o “principalismo” no que se estabilizou a bioética. Cando a responsabilidade é valor moral, os catro principios da bioética deben reconsiderarse. O autor fai observacións rigorosas e útiles para o lector. Tomemos dous exemplos. O primeiro principio clásico, a autonomía, deixa de selo. O principio é a dignidade recoñecida do ser humano, procede do recoñecemento dos outros. O respecto e coidado son criterios que serven de control e verificación de boas prácticas sociais. O cuarto principio, a xustiza, fundaméntase na estrutura antropolóxica responsiva do humano (dar razóns, xustificarse ante o outro, responder adecuadamente).

O capítulo 6 “Sobre tecnología y ética: referentes del saber aplicado” (pp. 126-148) expón os dous momentos do conflito entre tecnoloxía e ética por facerse coa racionalidade práctica: epistemolóxico e histórico. O autor descubre dous imperativos: tecnolóxico e ético. A lóxica do imperativo tecnolóxico descansa en tres postulados: científico (non debe haber límites na posibilidade de investigar); técnico (todo o que pode facerse debe facerse); moral (todo o que se fai, ou será feito, debe poder utilizarse). As tecnoloxías son saberes normativos que marcan deberes e obrigas desprendidas das

regras de actuación. Pola contra, o imperativo ético constrúese afirmando que o factible, desde o punto de vista ético, é aquilo que, e só o que, contribúe a unha maior humanización. De aquí que deba ser realizado. O humanismo é quen fornece de sentido a acción ética. Un humanismo non esencialista, non patrimonial, holista, formalista, posto a proba en cada situación, e que propón fins en virtude dos cales a actividade humana adquire sentido e significado.

A cuarta parte “La «superación» de la ética aplicada. Sabiduría práctica y aplicación” (pp. 147-186), capítulos 7 e 8, propón unha nova maneira de entender a sabedoría práctica, a medio camiño entre coñecemento práctico e saber aplicado.

O capítulo 7 “Primera consideración: ¿está justificada la relación entre saber práctico y aplicación?” (pp. 149-169) trata sobre o procedemento do saber prudencial: a deliberación. Segundo o autor, a deliberación insta un modelo de racionalidade práctica que transita “entre” a conciencia moral e a deriva interpersonal que ten en conta diversas interpretacións das situacións (fins). A deliberación é o camiño correcto para resolver problemas morais relacionados coa toma de decisións en contextos institucionais de sociedades con pluralismo moral. Unha “boa” deliberación sabe de finalidades (polo exercicio do saber prudencial) e asume a carga da proba (que non pode separarse do humanismo e a súa constante tradución). A sabedoría práctica deliberativa é pericial, debe ter en conta todo o campo semántico e pragmático da noción grega *metis* (acción oposta á forza, oportuna, múltiple e diversa, plena de recursos). Deste xeito, a sabedoría práctica pode ser proposta como “un tipo de conocimiento que trata de articular de una manera «adecuada», mediante el juicio moral en situación, la relación entre «visión general – creencias» y «aplicación» a través de una deliberación adecuada y oportuna” (p. 169). Por este camiño pode converterse no prototipo de saber da aplicación que, pola súa propia dinámica, rompe cos estreitos límites da Ética Aplicada para percorrer os camiños dunha Ética Xeral.

O capítulo 8 “Segunda consideración: ¿necesita una «visión general» la ética?” (pp. 170-186) parte da premisa de que unha ética de fins non funciona sen unha visión xeral. O autor interroga polo valor do humanismo como referente de fins que “expresan” a posibilidade dunha visión xeral. O humanismo e a formación humanista poden ser propostas como referente das actividades humanas significativas no terreo moral. O humanismo como elemento integrador, e integrante, da relación entre tecnoloxía e ética, é un lugar de cruce. O “humanismo tecnolóxico”, suxerido polo autor, pasa pola tradición, responsabilidade, dignidade. Tamén pola

cuádrupla consideración do humano na sociedade tecnolóxica: unha maneira de preguntar e preguntarse (dimensión reflexiva); unha maneira de estar no mundo (dimensión do dereito das persoas a dispoñer dunha visión xeral); unha maneira de proxectarse (dimensión da orientación na acción); unha maneira de facer máis mundo e facelo máis habitable e humano (dimensión da solidariedade, utopía e preparación do futuro).

A quinta parte “Los referentes de la «nueva» bio-ética: responsabilidad, asimetría y dignidad” (pp. 187-244), capítulos 9, 10, 11, asume a “superación” e saída do paradigma da ética aplicada. Suxire un paradigma no que os conceptos de responsabilidade, dignidade, estrutura responsiva, son focos irradiantes.

O capítulo 9 “Tercera consideración: ¿una estructura antropológica para la ética?” (pp. 189-196) dilucida as eivas do referente clásico da responsabilidade: a atribución. Segundo o autor, falar de cultura da responsabilidade é un contrasentido: sempre se poderá preguntar por que unha persoa ten que ser responsable e ante quen. Isto leva á ética a un lugar sen saída. A alternativa é considerar a responsabilidade como estrutura antropolóxica constituínte na que descansa a categoría dignidade. Estructura “responsiva”: ter que responder é a situación primeira e clave para falar dun ser en relación en tanto urxido a responder. Responsabilidade asimétrica que non se mide con ninguén. Seguindo a Lévinas, a responsabilidade orixinaria que instaura a moralidade constitúe ás persoas nunha relación previa ao discurso. Unha ética de fins, segundo o autor, aspira a verbalizar ese espazo da moralidade no que a responsabilidade asimétrica converte a idea de dignidade na medida (entendida como comezo) de calquera discurso ético. “Al final, si la Ética Aplicada alcanza a tener su acomodo en la Ética, sin apellidos, es debido a que tanto el objeto del que se ocupa —las prácticas sociales o actividades humanas—, como el método —hermenéutico-deliberativo—, remiten a la antedicha consideración del sujeto moral; un sujeto concernido por los otros y que lleva a cabo dichas prácticas, en virtud de unos fines —que son bienes—, y que son tales por las virtualidades humanizadoras que comportan. Sujetos o personas sin los que la pátina moral de las actividades llevadas a cabo en el interior de las distintas instituciones sociales no se sostiene, por más bienes que estas generen” (p. 196).

O capítulo 10 “Cuarta consideración: ¿tiene algún principio la «nueva» bioética?” (pp. 197-223) valora as consecuencias de considerar a responsabilidade como “inicio” da moralidade. A responsabilidade, para o autor, non é “principio”. A razón é o pluralismo moral das sociedades tecnolóxicas. Inclusive a idea de dignidade debe reconstruírse segundo tres vectores

converxentes: referencia a un estatuto óntico-ontolóxico da dignidade (condición individual, persoa); referencia a un estatuto antropolóxico da dignidade (condición de ser humano, humanidade); referencia a un estatuto sociocultural e político da dignidade (reivindicación, institucións). A reflexión ética sobre a dignidade incorpora tres dimensións: microética (subxectiva), mesoética (intersubxectiva), macroética (institucional). Pola súa banda, a vida alude a tres niveis: vida saudable (benestar), vida boa (lograda), vida digna (vivable). Estes niveis son momentos do despregue dun discurso moral que dá conta do sentido da dignidade nas sociedades tecnolóxicas. O concepto de dignidade, transversal no discurso moral, alude a: o suxeito moral (momento referencial da dignidade); a acción do suxeito moral (momento do significado da súa acción no contexto de relación cos demais); a incidencia da acción do suxeito moral (momento de universalización). Articular estas tríades na Ética Aplicada é o modo de franquear o seu paso á Ética Xeral da vida.

O capítulo 11 “De la bioética como saber institucional a la bio-ética como ética de la vida digna” (pp. 224-244) sinala os reduccionismos da bioética clásica (xuridificación, conceptualismo abstracto, confesionalización, cientifización, empirismo casuísta) e vindica a categoría de vida digna. O autor defende que sen referencia á filosofía práctica, e ao principio de moralidade (dignidade), as versións da ética son traducións de éticas profesionais. Propón tres criterios: responsabilidade (nivel microético da reflexión moral), comunicación (nivel mesoético), xustiza (nivel macroético). “La Ética, al requerir una perspectiva general a la que remitirse en su tarea de ajustarse —de ser justa— en el acceso y en la distribución equitativa de bienes y cargas —en el nivel «meso» como ética institucional—, es el escalón que toda ética precisa para hablar de justicia global —nivel «macro»— y, a su vez, para verificar la validez del criterio de justicia propuesto en los términos de convalidación de la vida digna” (p. 239). O autor propón falar de “BioÉtica de segunda generación” (p. 240) para manifestar a tensión na que discorre o discurso sobre a “vida digna” entre os cadros da responsabilidade, comunicabilidade e xustiza, entendidos como criterios que constitúen o tecido do sentido dunha ética de fins. A última consideración do capítulo acae nas figuras que sosteñen os referentes morais: individuos (referente da dimensión intrasubxectiva, do diálogo interior); axentes (referente da dimensión intersubxectiva, da resposta exterior); cidadanías (referente da dimensión que coordina as anteriores, mediante a razón, no espazo institucional). O suxeito moral transversal que atravesamos os tres niveis é un suxeito reconstruído, crítico, potenciado.

Desde o punto de vista formal, a postura do profesor Graciano González R. Arnáiz está argumentada con finura, razoada até o detalle, plena de frutíferos matices conceptuais. Desde o punto de vista estrutural, é un plan pragmático de reconstrución da Ética nun mundo tecnolóxico no que o exercicio institucional da bioética principialista dá pistas para a reconstrución hermenéutico-deliberativa dunha ética filosófica da vida. Desde o punto de vista material, a súa proposta de ética teleolóxica abre o debate sobre as razóns para dar o paso desde a bioética actual (tendente á profesionalización) a unha Ética da vida (Bio-Ética) na que o suxeito moral se coñece a si mesmo como individuo, axente, cidadán, que reconece, e ve reconecido, o valor moral da súa vida e das outras vidas. O libro é unha invitación a pensar o paso e dá unha seria xustificación para dalo.

Miguel Ángel Martínez Quintanar